

Recomendación dirixida á Consellería de Política Social debido ao retraso dun procedemento de dependencia e falecemento do dependente sen prestación e cos prazos vencidos

Expediente: G.6.Q/63651/16

Relacionado co G.6.Q/13995/15

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2017

Sr. conselleiro:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de ■ debido ao retraso dun procedemento de dependencia e falecemento do dependente sen prestación e cos prazos vencidos.

1. Na primeira queixa (G.6.Q/13995/15) indicaba que o 15/02/13 fixo solicitude de recoñecemento de dependencia para o seu pai ■. O 16/07/13 emiten resolución recoñecendo grao III, grao máximo de dependencia. O 01/04/13 comeza a utilizar os servizos de Centro de Día na localidade de Celanova ata o 02/01/14, cando pasa ao centro de Día de Bande ata 19/12/14, data en que foi hospitalizado. O 31/01/15 falece. Ambos centros de día son privados, pagados integramente pola gardadora de feito, ■. O 27/11/13 presentase queixa por escrito solicitando resolución do Plan Individual de Atención (PIA). O 16/12/13 recibe resposta a queixa dicindo que está en fase de tramitación. En data 21/10/14 presentase nova queixa solicitando resolución, xa que pasaron os prazos. En data 21/10/14 recibe resposta a queixa dicindo que está en fase de tramitación, despois de presentar toda a documentación requirida, como facturas dos Centros de Día. O 12/03/15 recibe resolución arquivo por falecemento. Neste escrito di que o 6/02/14 se emite PIA con Centro de Día. En ningún momento comunicaron a emisión do PIA e aínda por riba en datas posteriores a súa emisión remitiron resolución das queixas dicindo que estaba “en fase de tramitación”. Aporta documentos para acreditarlo. O 09/06/15 faise solicitude de recoñecemento de dereito a efectividade das prestacións económicas dos solicitantes falecidos durante a tramitación. Despois de atender sempre os requirimentos de documentación, intentar aclarar de forma telefónica en moitas ocasións e de forma persoal nos servizos sociais de Bande, nunca recibiu resposta, polo que sinte abandono da administración cara unha persoa dependente, omisión de solución/resolución, incumprimento de prazos, e privación dos seus dereitos.

2. Ante iso requirimos información á anterior Consellería de Traballo e Benestar, que nola remitiu. Nela sinalase que “a persoa dependente faleceu con proposta de PIA pero sen que se chegara a emitir a resolución. En base a isto, ... achegou solicitude, con data do 9 de xuño de 2015, de recoñecemento do dereito á efectividade das prestacións económicas dos

solicitantes falecidos durante a tramitación do procedemento de recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a Autonomía e a Atención á Dependencia, á que se lle dou como número de expediente A regulación dos requisitos para o recoñecemento do dito dereito, así como do correspondente procedemento para a súa solicitude, atópase establecida no capítulo VII da Orde do 2 de xaneiro de 2012 (arts. 88 a 107). No artigo 99 regúlase o prazo para resolver este procedemento, establecéndose que o prazo máximo para resolver é de 6 meses dende a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a tramitación do procedemento”. (xefa de sección). “-Data entrada solicitude de recoñecemento de grao e nivel de dependencia: 15/07/2009. Aplicación da valoración dependencia: Data: 10/12/2009. Recoñecemento de grao e nivel: Emisión de proposta-resolución: 11/02/2011. Resolución nivel e grao: 14/02/2011 grao I nivel 1. Puntuación BVD 32,30. Grao sen dereito a prestacións/servizos (fora de calendario). -Revisión a instancia de parte: inicio 13/06/2013. Emisión de proposta-resolución: 15/07/2013. Resolución nivel e grao: 16/07/2013 grao III. Puntuación 93. Tramitación: o 3/10/2013 achégase Informe Social no que se indica que o recurso idóneo é a Libranza de coidados no contorno familiar. O expediente trasládase ó Órgano de Valoración que en data 30/01/2014 emite acordo proposta indicando como recurso idóneo o Servizo de Axuda no Fogar non intensivo máis Libranza vinculada Centro de Día ... de Celanova ó que acude de maneira privada. Á solicitude do interesado interrómpease a tramitación da proposta por cambio de entidade prestadora do servizo. O expediente pasa ó Órgano de Valoración que en data 29/05/2014 emite unha modificación do acordo de data 30/01/2014 no que acorde conceder unha Libranza vinculada ó Centro de día ... de Bande. En data 03/12/2014 requírese documentación do novo Centro de Día (...). O 8-1-2015 o expediente trasládese completo para Resolución Programa Individual de Atención. Mediante requirimento de 12/02/2015 solicítanse facturas do ano 2015 para cálculo do importe da libranza vinculada a Centro de Día. A raíz de este requirimento a familia comunica o día 05/03/2015 o falecemento do dependente. Ese mesmo día emítese Resolución de arquivo do expediente por falecemento de ■ o día 31/01/2015”.

3. O expediente atopábase retrasado respecto da data na que debiera terse atribuído o PIA despois de ter un grado que obrigaba a iso. Por esa causa reclamante promoveu o correspondente expediente de compensación por falecemento sen atención e con retraso; porén, nese intre non vencera o prazo, de 6 meses, o que lle trasladamos.

4. Na nova queixa a reclamante menciona que o 19/04/16 recibe resposta da consellería do expediente de recoñecemento do dereito a prestacións económicas de solicitante falecido. Inadmítese porque o dependente estaba atendido polos servizos sociais municipais. Porén, eses servizos deixaron de prestarse cando aumentou o nivel de dependencia e fíxose inviable que continuara a vivir so no seu domicilio. Todo iso explícase nun recurso de alzada do que non obtivo resposta.

5. Ante iso requirimos información á Consellería de Política Social, que nola remitiu. Nela sinalase o seguinte: "1º En relación coa resolución de inadmisión no procedemento de recoñecemento das prestacións económicas dos solicitantes falecidos durante a tramitación do procedemento de recoñecemento do grao e nivel de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia (Expediente ...). O 9 de xuño de 2015, █ presenta solicitude para o dito procedemento. O 13 de abril de 2016, a directora xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade resolve a inadmisión da solicitude en base ao artigo 89.1 da Orde do 2 de xaneiro de 2012 de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a Autonomía e a Atención á Dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes. O mencionado artigo establece que non xeran dereito ás prestacións económicas das persoas solicitantes falecidas durante a tramitación do procedemento aquelas solicitudes en que a persoa interesada estivese sendo atendida, simultaneamente á tramitación do expediente de dependencia, a través dun recurso do Sistema Galego de Servizos Sociais incluído como prestación do catálogo do SAAD. █ estivo sendo atendido dende os servizos sociais comunitarios básicos do concello de Ourense a través dos seguintes servizos: Servizo de axuda no fogar: dende novembro do 2009 a xaneiro de 2013. Servizo de comedor sobre rodas: dende febreiro de 2010 a xaneiro de 2013. Así mesmo, dona █ tamén expón na queixa presentada ante o Valedor do Pobo que "A solicitude da prestación faise para o ano 2014 (non para o ano 2013)". Compre dicir ao respecto que a disposición derogatoria única da Orde do 19 de abril de 2013, derroga o capítulo VII, artigos 88 a 108, da Orde do 2 de xaneiro de 2012, de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes con efecto do 13 de xullo de 2012. 2º En relación ao recurso de alzada presentado contra a resolución de inadmisión no procedemento de recoñecemento das prestacións económicas dos solicitantes falecidos durante a tramitación do procedemento de recoñecemento do grao e nivel de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema opara a autonomía e atención á dependencia. O 29 de abril de 2016, tivo entrada no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia o recurso de alzada presentado por dona █ contra a resolución desestimatoria emitida no mencionado procedemento. Sobre o dito recurso dona █ expón na queixa "que non obtivo resposta transcorridos 4 meses", sobre este particular dicir que: 1.-Os recursos administrativos estanse a resolver por estrita orde de entrada en base ao regulado no artigo 74.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. 2.- No artigo 115.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, establécese que o prazo máximo para ditar e notificar a resolución será de 3 meses. Transcorrido este prazo sen que recaia resolución, poderá entenderse desestimado o recurso (...); sen prexuízo da obriga da

Administración de resolver expresamente. 3.-No caso dos recursos de alzada formulados contra os actos expresos ou presuntos, nos expedientes de recoñecemento do dereito á efectividade das prestacións económicas dos solicitantes falecidos, o volume de xestión non permite resolver coa axilidade necesaria. O seu recurso de alzada atópase actualmente pendente da emisión da resolución pola secretaria xeral técnica desta Consellería”.

6. Confirmouse que a atención ao marxe do sistema de dependencia (do concello) deuse nun período limitado cando a persoa con dependencia tiña o grado mínimo, pero non despois, cando aumentou ao III e era atendida de forma privada nun centro de día. Por tanto, a explicación do informe e da resolución non parecía adecuada para o último período.

7. No relativo ao recurso pendente, o seu prazo de resolución xa vencera, polo que debería resolverse; o feito de que exista unha resolución presunta por silencio negativo non implica que a administración non teña a obriga de responder. Nesa resposta debería aclarase o fondo do asunto.

8. Á vista do anterior requirimos da Consellería de Política Social unha aclaración urxente, que nos remitiu. Nela sinalase o seguinte: “Reiteramos o xa exposto na contestación do 18 de outubro de 2016 das causas de inadmisión da solicitude do dereito á efectividade das prestacións económicas dos solicitantes falecidos durante a tramitación do procedemento de recoñecemento do grao e nivel de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, iniciada a instancia de ■■■ o 9 de xuño de 2015. A resolución de inadmisión da dita solicitude emitida pola directora xeral de Maiores e Persoas con discapacidade o 13 de abril de 2016, xustifícase en base ao artigo 89 da Orde do 2 de xaneiro de 2012 de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a Autonomía e a Atención á Dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes. O mencionado artigo establece no seu punto 2, que non xeran dereito ás prestacións económicas das persoas solicitantes falecidas durante a tramitación do procedemento aquelas solicitudes en que a persoa interesada estivese sendo atendida, simultaneamente á tramitación do expediente de dependencia, a través dun recurso do Sistema Galego de Servizos Sociais incluído como prestación do catálogo do SAAD. O 15 de xullo de 2009 tivo entrada a solicitude de valoración de grao e nivel de dependencia presentada por ■■■ Durante a tramitación do procedemento de dependencia, o solicitante foi preceptor do servizo de axuda no fogar prestado por libre concorrencia polo Concello de Ourense e do servizo de comedor sobre rodas tal como se mencionaba na contestación remitida. O uso de ambos servizos é o que orixina a inadmisión da solicitude do procedemento BS211A (procedemento de falecidos) presentada por ■■■ en aplicación do mencionado artigo.

En relación ao recurso de alzada presentado, sobre este particular dicir que en base a lexislación vixente: 1.-Os recursos administrativos estanse a resolver por estrita orde de entrada 2.-No caso dos recursos de alzada formulados contra os actos expresos ou presuntos, nos expedientes de recoñecemento do dereito á efectividade das prestacións económicas dos solicitantes falecidos, o volume de xestión non permite resolver coa axilidade necesaria. O seu recurso de alzada atópase actualmente pendente da emisión da resolución pola secretaria xeral técnica desta Consellería. Estímase que poderá ser resolto dentro dun período estimado de dous meses. Na resolución que derive do recurso de alzada presentado terase en conta todas os motivos que se aleguen e contestarase oportunamente e sempre baixo o marco normativo aplicable ao procedemento en cuestión.

Finalmente cabe sinalar que, con independencia da resolución do citado procedemento específico, regulado no Capítulo VII (artigos 88 e ss) da Orde do 2 de xaneiro de 2012 polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación da dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes (DOG nº 9, do 13/1/2012), a interesada caso de que se sega considerada lesionada nos seus dereitos, pode instar a vía da reclamación patrimonial regulada na Lei 39/2015”.

ANÁLISE

1. A reclamante é filla da persoa con dependencia falecida, que sufriu un retraso na atención que confirmamos. A solicitude de recoñecemento de dependencia é de 15/07/09, e o 14/02/11 concedeuse o grao I nivel 1, que nese intre non tiña dereito a servizo ou prestación. O 13/06/13 solicitouse nova valoración e o 16/07/13 concedeuse o grao III. Dende entón unicamente déronse propostas de atención non concretadas e o 31/01/15 produciuse o falecemento da persoa con dependencia, o que se comunica o 05/03/15, polo que ese mesmo día arquívase o expediente.

2. Ante esas circunstancias o 09/06/15 reclamouse solicitude de recoñecemento do dereito a efectividade das prestacións económicas dos solicitantes falecidos durante a tramitación, co resultado que se menciona nos informes. Basicamente a consellería argumenta que debe denegar a solicitude debido a que a persoa recibiu atención ao marxe do sistema de dependencia (un SAF do concello, por libre concorrencia, e un servizo de comedor). Por tanto, entende aplicable o art. 89.1 da orde do 2 de xaneiro de 2012 de desenvolvemento do Decreto 15/2010, que establece que non xeran o dereito as persoas que estivesen sendo atendidas simultaneamente á tramitación do expediente de dependencia a través dun recurso do Sistema Galego de Servizos Sociais incluído como prestación do catálogo do

SAAD. A persoa dependente foi atendida polo SAF municipal de novembro do 2009 a xaneiro de 2013, e polo servizo de comedor sobre rodas dende febreiro de 2010 a xaneiro de 2013.

Por iso, tal e como expresamos na valoración provisional, a atención á que se refire a consellería produciuse nun período previo ao reclamado agora para compensar polo falecemento sen atención e retraso nela. A atención deuse precisamente cando a persoa afectada aínda non tiña dereito a ser atendido polo sistema de dependencia, posto que o seu grado non obrigaba entón a prestar servizo ou dar prestación. Así pois, non parece adecuado utilizar esa atención como motivo da posterior falta de servizo (ou libranza de servizo), cando este era xa obrigado e mesmo prioritario, posto que tratábase dunha persoa con gran dependencia (art. 3.1 g LD). Cando comezou a ter o grado III non contou con axuda ou servizo público, nin do sistema de dependencia nin doutro tipo (un recurso do sistema galego de servizos sociais incluído como prestación do catálogo do SAAD). Foi atendido de forma privada nun centro de día, como acredítase mediante facturas. En resúmen, a aplicación do artigo citado non é adecuada para o período que motiva a reclamación, isto é, dende o recoñecemento do grado III.

3. No relativo ao recurso pendente, o prazo de resolución venceu hai tempo, polo que debéra terse resolto; o feito de que dérase resposta presunta (silencio negativo) non implica que a administración xa non teña a obriga de responder. Nesa resposta debería aclararse o fondo do asunto. Tales circunstancias xa foran postas de relevo na valoración provisional e agora se confirman.

4. Finalmente a consellería alega que “con independencia da resolución do citado procedemento específico” (o da Orde do 2 de xaneiro de 2012), tamén pódese instar “a vía da reclamación patrimonial regulada na Lei 39/2015”. Con iso parece darse a entender que ao marxe do que se resolva, previsiblemente na liña do antes resolto, sempre pode acudirse á vía ordinaria de reclamación da responsabilidade patrimonial das administracións.

A reclamación específica que tratamos aprobouse polo Decreto 15/2010, desenvolto pola orde do 2 de xaneiro de 2012, para afrontar os frecuentes retrasos dos procedementos de dependencia e no seu caso as responsabilidades en caso de falecemento das persoas dependentes co retraso na atención. Aprobouse despois da intervención desta institución para promover un medio específico como alternativa áxil, sinxela e curta ás comúns. Para que resulte efectivo o procedemento alternativo debe ter unha aplicación adecuada, posto que en caso contrario fórzase a reclamacións máis complexas, largas e custosas para os moitos afectados, o pretende evitarse co procedemento *ad hoc*.

5. A reclamante demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que obriga aos poderes públicos a realizar unha política de previsión,

tratamento, rehabilitación e integración dos discapacitados físicos, sensoriais e psíquicos, aos que prestarán a atención especializada que requiran e os amparará especialmente para o goce dos dereitos que este Título (I) outorga a todos os cidadáns (art. 49). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

CONCLUSIÓNS

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984 do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Política Social a seguinte recomendación:

Que con urxencia se resolva sobre o recurso dealzada pendente promovido contra a denegación dunha compensación polo falecemento dunha persoa con dependencia, sen atención e co seu expediente retrasado, posto que se atopa demorado, de acordo cos prazos previstos; e que se faga tendo en conta que as razóns denegatorias do acto recorrido non parecen adecuadas, xa que a atención mediante o sistema de servizos sociais deuse nun período previo ao reclamado como compensación pola falta de atención do sistema de dependencia cando esta era obrigada e prioritaria.

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo de un mes de conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

Ademais en aplicación do principio de transparencia a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución incluírase na páxina web da institución.

Saúdoo atentamente.

Milagros M^a Otero Parga
Valedora do Pobo